


A VEGETACIÓN NO PAÍS DE XESÚS



Palestina ten varias zonas climáticas, que van dende un clima alpino ata o desértico, pasando por un clima tropical. Polo tanto conta con unha grande variedade de plantas, das que se censaron ata 2780 especies diferentes.

Os principais cultivos son:

- ✓ **VIDE:** planta ou arbusto que da como froito a uva coa que se fai o viño.
- ✓ **OLIVEIRA:** árbore que ten como froito a oliva da que se extrae o aceite.
- ✓ **TRIGO:** planta herbácea con espigas da que se obteñen grans para facer fariña para o pan.
- ✓ **PALMEIRA:** árbore que da como froito os dátiles.



NA BIBLIA TAMÉN ATOPAMOS ESTES CULTIVOS

- **Mt 26,27-29:** "A ÚLTIMA CEA". Xesús reparte o pan (trigo) e o viño (vide).
- **Jn 12, 12-13:** "ENTRADA DE XESÚS EN XERUSALÉN". A xente sae a recibir a Xesús con follas de palmeira.
- **Mc 14,39:** "ORACIÓN NO MONTE DOS OLIVOS". Xesús, a noite antes de morrer, rezou entre as oliveiras.


OS NENOS DE 4º SOMOS MÁIS RESPONSABLES

O coidado e o respecto pola natureza son uns valores que tódalas persoas deberían cumprir.

Para que isto sexa unha realidade, habería que fomentar máis a responsabilidade; así que na clase de Relixión, os nenos e nenas de 4º, estivemos coidando dun ovo durante unha semana.

Tivemos que traelo ao cole tódolos días, tendo moito coidado de que non romperá. Despois fixemos unha exposición con todos eles.

Aquí podedes ver algunhas fotos.



AULA DE
RELIXIÓN